


# CADERNO DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL

## ITINERARIOS ACADÉMICO-PROFESIONAIS DESPOIS DA ESO \_2020



NOME E APELIDOS :

---

**CADERNO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA  
DESPOIS DA ESO...**

**Referencias legais :**

*Lei Orgánica 8/2013, 9 de decembro, LOMCE*

*Real Decreto 1105/2014, estable currículo básico da ESO e o Bacharelato*


*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e o BACHARELATO na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño, establecense as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en ESO e Bacharelato (BOE, 3 xuño 2017)*

*Orde 15 xullo 2015, Orde 13 de xullo de 2016 e Orde 3 de agosto de 2017, materias de libre configuración  
Resolución 20 de xullo de 2017, instrucións para o desenvolvemento do currículo no curso académico 2017/18, establecido no D. 86/2015.*

*Acordo das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG Curso 2019 – 2020.*

**IES POETA DÍAZ CASTRO**



**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

INDICE	páx.
<u>INTRODUCCIÓN</u> .....	4
<u>TOMA DE DECISIONS</u> .....	4
<u>1. ALTERNATIVAS DESPOIS DA ESO</u> .....	5
<b>Con titulación</b>	
<u>2. BACHARELATO</u> .....	6 -11
❖ Finalidade e estrutura .....	6
❖ Organización BAC .....	6 - 9
❖ Avaliación e promoción. Titulación.....	9
❖ A que da acceso ó Título de BAC.....	10-12
<u>3. ENSINANZAS UNIVERSITARIAS</u> .....	13 -19
❖ Estrutura dos estudos universitarios .....	13
❖ Organización Plan de Estudos.....	14
❖ Vinculación Titulos de Grao coas ramas do coñecemento .....	15 -16
❖ Acceso á Universidade. Sistema Unv. Galicia (SUG) .....	19
<u>4.FORMACIÓN PROFESIONAL</u> .....	20 -25
❖ CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO .....	20-21
❖ CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR .....	22 -23
❖ Catalogo de ciclos formativos .....	24-25
<u>5.ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES</u> .....	26-27
❖ MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS .....	26
❖ ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO .....	27
<b>Sen titulación</b>	
<u>6.FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA</u> .....	28
Cuestionarios de orientación vocacional.....	29
<b>Direccións web de interese</b> .....	30

## INTRODUCCIÓN

É importante que agora que rematas este curso penses no que queres facer no futuro. Este caderno contén información académico-profesional importante para os estudantes QUE REMATAN A ESO. Atoparás unha descrición básica das distintas alternativas e opcións que terás ao rematar esta etapa

Como xa sabes, estanse producindo cambios na lexislación educativa que poden modificar, matizar ou complementar aspectos que comentamos neste caderno. Loxicamente, non podemos profundizar en tódalas posibilidades e casuísticas individuais, así que, se precisases orientación máis persoalizada (inseguridade sobre os teus intereses ou posibilidades, unha carreira ou ciclo formativo determinado....) ponte en contacto co Departamento de Orientación.

## TOMA DE DECISIONS

O que se me da ben >> **APTITUDES e HABILIDADES** que máis destacan en ti  
 Gústame >> **INTERESES e PREFERENCIAS**  
 creo que podoo ser un bo >> **RASGOS PERSOAIS** que definen a túa forma de ser  
 creo que estos estudos teñen boas saídas profesionais >> **SAIDAS PROFESIONAIS**



## TÍTULO DE GRADUADO EN ESO.-



Si obtes unha avaliación positiva , ben en todas as materias, ou ben negativa nun máximo de dúas, sempre que estas non sexan de forma simultánea  
Lingua Castelá/ Lingua galega e matemáticas

**Olo!** As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de ESO consideranse materias distintas.

Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere oportuno que o **alumno/a ten acadado os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondientes.**

### TITULACIÓN GRADUADO EN ESO

A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais.

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do 4º curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra.

## 1. ALTERNATIVAS DESPOIS DA ESO

Terás **dous vieiros** para elixir:

### A) Con Título de Graduado:

- Bacharelato.
- Ciclos Formativos de Grao Medio.      Ensinanzas de Réxime Especial

### B) Sen título:

- FP Básica
- ESA (Educación de Adultos - 18 anos)
- Probas de acceso a FPGM (17 anos) / Proba libre de Graduado en ESO (18 anos)

## 2. O BACHARELATO – LOMCE

### FINALIDADE.-

Proporcionarche unha formación ampla, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades, que che permitan desenvolver funcións sociais e incorporarte á vida activa. Así mesmo, capacitarte para acceder á educación superior.

### COMO SE ACCEDE AO BACHARELATO?


No teu caso, si posúes o **Título de Graduado** en Educación Secundaria.

### COMO ESTÁ ORGANIZADO.-


Como ben sabes, o BAC comprende **dous cursos académicos: 1º e 2º** e tres modalidades diferentes, que están pensadas para atender tanto á diversidade de estudos posteriores como á variedade de intereses, capacidades e aptitudes de cada quen.

As tres MODALIDADES son:

### CIENCIAS




### HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS



*\*Dentro da modalidade de Humanidades e CC. Sociais poderás optar polo itinerario de Humanidades ou polo itinerario de Ciencias Sociais.*

### ARTES

artes plásticas  
artes escénicas





En liñas xerais, as ensinanzas de BAC estrutúranse en :

- MATERIAS TRONCAIS XERAIS
- MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN
- MATERIAS ESPECÍFICAS
- MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN, que na nosa Comunidade, correspóndese Lingua Galega e Literatura



## ORGANIZACIÓN XERAL de 1º BAC

PRIMER CURSO				
	CIENCIAS	HUMANIDADES Y CC. SOCIALES		ARTES
		Humanidades	Ciencias sociales	
<b>Asignaturas Troncales.</b> (Su horario mínimo no será inferior al 50% del total)	<b>Materias generales</b> (debe cursarlas todo el alumnado)			
	Filosofía Lengua Castellana y Literatura I Matemáticas I 1ª Lengua Extr. I	Latín I	Matemáticas aplic. a las CC.Sociales I	Filosofía Fund. del Arte I Lengua Castellana y Literatura I 1ª Lengua Extr. I
	Filosofía Lengua Castellana y Literatura I 1ª Lengua Extranjera. I			
	<b>Materias de opción</b> (el alumnado cursará al menos dos)			
	Biología y Geología Dibujo técnico I Física y química	Economía Griego I Historia del Mundo Contemporáneo Literatura Universal		Cultura Audiovisual I Hª Mundo Cont. Literat. Universal
<b>Asignaturas específicas</b>	Educación Física (debe cursarla todo el alumnado)			
	El alumnado cursará un mínimo de dos y un máximo de tres de entre las siguientes:			
	Análisis musical I Anatomía aplicada Cultura Científica Dibujo artístico I Dibujo Técnico I (si no se ha cursado) Lenguaje y práctica musical	Religión Segunda lengua extranjera I Tecnología industrial I Tecnol. de la Información y la Comunicación I Volumen Una materia troncal no cursada.		
<b>Asignaturas de libre configuración autonómicas</b>	Lengua Cooficial y Literatura (En las correspondientes Comunidades Autónomas)			
	Además el alumnado podrá cursar alguna materia más que podrán ser del bloque de las asignaturas específicas no cursadas, materias de ampliación de las asignaturas troncales o específicas o materias a determinar.			

Na seguinte páxina está reflexado o plan xeral de estudos das modalidades que se imparten no IES Poeta Díaz Castro, bóttalle unha ollada!

**1º BACHARELATO \_ IES POETA DÍAZ CASTRO**

<b>CIENCIAS</b>		<b>HUMANIDADES e CC. SOCIAIS</b>	
ED. FÍSICA FILOSOFÍA		LINGUA CASTELA E LITERATURA I LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS I LINGUA GALEGA E LITERATURA I	
<b>MATEMATICAS I</b>		<b>LATÍN I</b>	<b>MATEMÁTICAS APLICADAS AS CC. SOCIAIS I</b>
<i>Elixir bloque :</i> B1 <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e Química B2 <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/> Física e Química		<i>Elixir 2 entre:</i> <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal	<i>Elixir 2 entre:</i> <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal
<i>Cursaránse 2 ou 3 materias, que deben sumar 6 horas, collendo como máximo de 1 en cada columna</i>			
1 hora	2 horas	3 horas	4 horas
<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Valores Éticos	<input type="checkbox"/> Cultura científica <input type="checkbox"/> 2ª lingua estranxeira: Francés I / Portugués I <input type="checkbox"/> TIC I	<input type="checkbox"/> Linguaxe e práctica musical <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I	<input type="checkbox"/> Unha Troncal non elixida: _____

MATERIAS TRONCAIS XERAIS

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

MATERIAS ESPECÍFICAS

**2º BACHARELATO \_ IES POETA DÍAZ CASTRO**

<b>CIENCIAS</b>		<b>HUMANIDADES e CC. SOCIAIS</b>	
		LINGUA CASTELA E LITERATURA II HISTORÍA DE ESPAÑA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS II LINGUA GALEGA E LITERATURA II	
<b>MATEMATICAS II</b>	<b>LATÍN II</b> <b>HISTORIA DA FILOSOFÍA</b>	<b>MATEMÁTICAS APLICADAS AS CC. SOCIAIS II</b> <b>HISTORIA DA FILOSOFÍA</b>	
<i>Elixir 2 entre:</i> <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II <input type="checkbox"/> Xeoloxía	<i>Elixir 1 entre:</i> <input type="checkbox"/> Economía da empresa <input type="checkbox"/> Xeografía <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Historia da Arte	<i>Elixir 1 entre:</i> <input type="checkbox"/> Economía da empresa <input type="checkbox"/> Xeografía <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Historia da Arte	
<i>Cursaránse 2 ou 3 materias, que deben sumar 8 horas, collendo como máximo 1 en cada columna</i>			
1 hora	3 horas	4 horas	
<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Vida saudable e deporte	<input type="checkbox"/> Hª da Música e da Danza <input type="checkbox"/> 2ª lingua estranxeira : Francés II / Portugués II <input type="checkbox"/> TIC II <input type="checkbox"/> Tec. De Expresión Gráfico-Plástica <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial II	<input type="checkbox"/> Hª da Filosofía ( só para a modalidade de ciencias) <input type="checkbox"/> Materia Troncal non elixida: _____	

MATERIAS TRONCAIS XERAIS

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

MATERIAS ESPECÍFICAS

**¡Fíxate ben! as materias co símbolo II implican continuidade, o que implica que a superación da materia de segundo curso está condicionada á superación da materia correspondente en 1º curso**



**INFORMACIÓN sobre as MATERIAS DE ESTUDIO EN 1º CURSO BAC**

Nos seguintes cadros recóllese información dos contidos de aprendizaxe das diferentes materias de 1º curso de Bacharelato: (Decreto 85/2015, 25 xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato)

<b>MATERIAS TRONCAIS PARA TODALAS MODALIDADES DE BACHARELATO</b>	<p><b>LINGUA E LITERATURA CASTELÁ I</b>  <b>LINGUA E LITERATURA GALEGA I</b>  <b>LINGUA ESTRANXEIRA I</b></p>	}	Estas tres materias teñen como finalidade consolidar e ampliar as competencias lingüísticas
	<p><b>FILOSOFÍA &gt;</b>                  Materia que potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívica. O saber filosófico, o coñecemento (teorías, filosofía da ciencia), a metafísica-explicación teórica da realidade, o ser humano desde a filosofía, a racionalidade práctica, a importancia da ética... son algúns dos contidos máis destacados.</p>		
	<p><b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>                  Práctica de actividades físico-deportivas e e artístico-expresivas, ligazón da actividade física e a saúde, xogos e deportes.</p>		

<b>MATERIAS TRONCAIS da MODALIDADE DE CIENCIAS</b>	<p><b>MATEMÁTICAS I.-</b> Procesos, metodos e actitudes en matemáticas, numeros e alxebra, análise (funcións), xeometría, estatística e probabilidade, son os bloques de contidos nos que se estrutura esta materia.</p>
	<p><b>FISICA e QUIMICA .-</b> O estudo da Química centrase nos aspectos cuantitativos de química, reaccións químicas, transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións, e química do carbono. Na parte correspondente á Física abóndanse aspectos de cinemática, dinámica (forzas) e enerxía</p>
	<p><b>BIOLOXÍA e XEOLOXÍA.-</b> Esta materia pon especial atención na adquisición da competencia científica. Comprende os seguintes bloques de contido: os seres vivos (composición e función), a organización celular, histoloxía (tecidos animais e vexetais), a biodiversidade e o proceso evolutivo, as plantas e os animais, (funcións e adaptacións ao medio), historia da terra, procesos xeolóxicos</p>
	<p><b>DEBUXO TÉCNICO I.-</b> Interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma de sistemas de representación convencionais. Bloques de contido: Xeometría e debuxo técnico, Sistemas de representación, Normalización (formatos, vistas, escalas, cortes e seccións)</p>

<b>MATERIAS TRONCAIS da MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS</b>	<p><b>MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I .-</b>A materia estrutúrase en torno da 4 bloques de contido: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas,Números e alxebra (matrices, inecuacións...), Análise (funcións polinómicas,...) e Estatística e probabilidade.</p>
	<p><b>ECONOMIA .-</b> Esta materia ten como obxectivo a comprensión dos conceptos utilizados na análise económica e empresarial e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. Céntrase na organización e estrutura dos sistemas económicos,a produción, o mercado e o sistema de prezos, medición da actividade económica,estudo do mercado de traballo, así como os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.</p>
	<p><b>LATÍN I .-</b> A lingua latina - orixe, léxico, gramática, morfoloxía e sintaxe -, traducción e interpretación de textos latinos, e a literatura</p>
	<p><b>GREGO I.-</b> A lingua grega (léxico, morfoloxía, sintaxe, interpretación de textos), Grecia e o seu legado ( cultura, arte e civilización).</p>
	<p><b>HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO .-</b> Esta materia é fundamental para o coñecemento e comprensión do mundo actual. Ofrece unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo, prestando especial atención á España e Galicia.As revolucións industriais e as súas consecuencias, crise do antigo réxime, dominación europea e a I Guerra Mundial, período de entreguerras e II Guerra Mundial, ... ata o mundo actual.</p>
	<p><b>LITERATURA UNIVERSAL.-.</b> Lectura, análise e valoración de textos literarios e o estudo cronolóxico das obras máis significativas de cada momento. Contribúe a desenvolver as competencias: lingüística, as sociais e cívicas e a de conciencia e expresión cultural</p>

<b>MATERIAS ESPECÍFICAS PARA TODAS AS MODALIDADES</b>	<b>LINGUAXE E PRÁCTICA MÚSICAL (3h) .-</b> Continuación da formación musical para a adquisición dunha cultura musical sólida,
	<b>FRANCÉS I (2h) .-</b> Ampliar as competencias lingüísticas na lingua francesa.
	<b>PORTUGUÉS I . (2h)-</b> Ampliar as competencias lingüísticas na lingua portuguesa
	<b>CULTURA CIENTIFICA .(2h) -</b> Aborda cuestións relativa a : formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e a incorporación da tecnoloxía á vida cotiá.
	<b>TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN I (2h) .-</b> Esta materia caracterízase pola realización de actividades que desenvolvan as destrezas técnicas para acceder ás redes de información e a procura e análise de información en internet. A formación nesta materia está vinculada ao coñecemento da arquitectura de computadores, software para sistemas informáticos, redes e construcións básicas da linguaxe de programación.
	<b>TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I .(3h)</b> Esta materia integra coñecementos de carácter matemático e científico. Abrangue contidos tales como: materiais e procedementos de fabricación, principios das máquinas (funcionamento), máquinas e sistemas (elementos constitutivos), recursos enerxéticos e os seu impacto medioambiental.
	<b>FUNDAMENTOS DA ARTE I .- (4h)</b> Nesta materia aprenderás as principais manifestacións artísticas e culturais do ser humano desde a Antigüidade ata os nosos días . Abrangue as explicacións sobre a arte a partir da súa orixe, o tratamento formal co que o artista traballou a idea e os condicionantes históricos, sociais e empresariais.
<b>RELIXIÓN CATÓLICA (1h)</b>	
<b>INTRODUCCIÓN AO PENSAMENTO MORAL &gt; Valores éticos.</b>	

*(\*)A formación de grupos para unha materia optativa require un número mínimo de 5 alumnos/as que a solicite, e dispoñibilidade de profesorado.*

### **AVALIACIÓN E PROMOCIÓN no BACHARELATO.-**

- Poderase permanecer escolarizado no bacharelato (réxime ordinario) durante 4 cursos académicos
- Para o alumnado que non teña superado todas as materias na avaliación ordinaria, realizaranse probas extraordinarias
- O alumno/a que promocioe con materias pendentes deberá matricularse en 2º nas materias pendentes de 1º curso
- Para pasar dunha modalidade determinada de 1º BAC a outra modalidade distinta en 2º curso, será preciso cursar determinadas materias (será necesario comprobar cada caso en particular)
- O alumno/a que ao termo de 2º curso tivese avaliación negativa nalguna materia/s poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou ben optar por repetir cursos completo

#### **TÍTULACIÓN >>**

Será necesario avaliación positiva en todas as materias dos dos cursos de Bacharelato  
A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das materias cursadas no BAC, expresadas nunha escala de 0 a 10 con dous decimais.

No título de Bacharelato constará a modalidade cursada, así como a cualificación final da etapa de BAC.

## A QUE DA ACCESO O TÍTULO DE BACHARELATO?

O título de Bacharelato é a **plataforma dende a que podes acceder ó maior número de saídas profesionais**

**ENSINANZAS UNIVERSITARIAS** (superada a proba de acceso á Univ)

**ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES :**

- Estudos Superiores de Música e Danza (máis proba específica)
- Ensinanzas de Arte Dramático (máis proba específica)
- Ensinanzas de Conservación e Restauración de bens culturais(máis proba específica).
- Estudos Superiores de Artes Plásticas e Deseño(máis proba específica)

**FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR** en determinadas Familias profesionais  
(as relacionadas coa modalidade de Bacharelato cursada)

**ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO DE GRAO SUPERIOR** (máis proba de acceso)

**ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR** (co título de Técnico, máis proba específica para determinadas especialidades)

**Outros estudos** como: Piloto Civil, Controlador aéreo, Estudos Militares Superiores,...

## ¿QUE ESTUDOS ESTÁN VINCULADOS A CADA MODALIDADE de BACHARELATO?

### MODALIDADE DE CIENCIAS

#### Opción : **Ciencias / Ciencias da saúde**



- **Carreiras** máis relacionadas con esta vía que se poden cursar:
  - Tódalas carreiras sanitarias (Enfermería, Medicina; Fisioterapia, Podoloxía, Odontoloxía, Farmacia, ...) e carreiras que teñen que ver coa rama de ciencias da saúde como : Terapia Ocupacional, Psicoloxía, Nutrición e Dietética, Óptica, Veterinaria , Logopedia, Nutrición Humana e Dietética
  - Carreiras relacionadas co Medio Ambiente : Bioloxía, Biotecnoloxía, Bioquímica, Ciencias do Mar, Xeoloxía, Ciencias Ambientais, Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos, Nanociencia e nanotecnoloxía; e as carreiras de Física, Química e as Matemáticas.
- **Títulos de Formación Profesional:**
  - Moitos títulos a elixir. Entre eles os relacionados con: Sanidade, Química, Agraria, Actividades físico-deportivas, Industrias alimentarias, Seguridade e Medio Ambiente, Imaxe Persoal, Enerxía e Auga, Marítimo-Pesqueira.

#### Opción : **Enxeñería e Arquitectura**

- **Carreiras** que se poden cursar:
  - Tódalas enxeñarías: Industrial, Civil, Náutica, Química Industrial, Eléctrica, Electrónica, Mecánica, Recursos mineiros e enerxéticos, Aeroespacial, Robótica,
  - Arquitectura, Enxeñaría en Edificación, Xeomática e Topografía, Obras Publicas, Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenv. do produto, etc.
  - Carreiras do sector das Tecnoloxías da Telecomunicación, Informática, Enerxía.
  - Enxeñarías Forestais, Agrícola e Agroalimentaria, Agraria, Industrias agroalimentarias, Paisaxe,...

- **Títulos de Formación Profesional:**
  - Títulos relacionados con: Electrónica e Electricidade, Fabricación mecánica, Informática, Imaxe e Son, Edificación e obra civil, Têxtil, Química, Agroalimentaria, Mantemento de Vehículos, Artes Gráficas, Vidro, Madeira e moble, Instalación e mantemento, Enerxía e Auga.



**QUE ESTUDOS ESTÁN VINCULADOS A CADA MODALIDADE de BACHARELATO?**


**MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS**



**Opción : Humanidades**

- **Carreiras** máis afíns que se poden cursar:
  - As principais son: Ensinanza, Idiomas, Turismo, Tradución e Interpretación, Historia, Filosofía, Hª da Arte, Hª e Ciencias da Música, Xeografía e Historia, Xestión da Información e Documetanción dixital, Ciencias da cultura e difusión cultural, Antropoloxía social e cultural,...
- **Títulos de Formación Profesional:**
  - Hostalaría e Turismo, Comercio, Imaxe Persoal, Animación sociocultural, Educación Infantil, Mediación comunicativa, Promoción da igualdade de xénero...

**Opción Ciencias Sociais**



- **Carreiras** máis relacionadas con esta vía que se poden cursar:
  - Títulos relacionados coa empresa e a economía: Administración e Dirección de Empresas, Economía, Empresariais, Comercio e Marketing, Xestión e Administración Pública, Relacións Laborais e recursos humanos, Xestión Industrial da Moda
  - Carreiras do campo Social: Educación Social, Traballo Social, Ciencias Políticas, Socioloxía
  - Carreiras relacionadas co campo educativo : Maestro en Educación Infantil e Primaria, Pedagogía.
  - Outras Títulos como: Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias Política e da Administración, Dereito, Criminoloxía, ...
- **Títulos de Formación Profesional:**
  - Hostalería e Turismo, Comercio e marketing, Administración, Imaxe Persoal, Animación sociocultural, Educación Infantil, Integración Social, Promoción da igualdade de xénero Informática,...

**ARTES**



- **Carreiras** que se poden cursar:
  - Belas Artes , Música, Arte Dramático, Danza, Conservación e Restauración de bens culturais, Deseño gráfico, Deseño de interiores, Deseño de moda, Publicidade e relacións públicas,....
  - Outras carreiras relacionadas son: Deseño Industrial, Historia, Historia da Arte, Hª e Ciencias da Música,...
- **Títulos de Formación Profesional:**
  - Imaxe e son; Textil, Confección e pel; Artes gráficas, Artes e Artesanía.
  - Ciclos de Artes Plásticas e Deseño: Artes Aplicadas da escultura, ó Libro, á Indumentaria, ó Muro, Cerámica artística, Deseño Gráfico, Industrial e Deseño de Interiores, Xería de Arte, Arte floral, Vidro artístico, Têxtils Artísticos, Esmaltes artísticos, Fotografía, Ilustración,...

### 3. ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS



#### Estrutura dos Estudos Universitarios:

1º/ **GRAO** > as ensinanzas de Grao teñen como finalidade a preparación do estudante para o exercicio de actividades de carácter profesional.

Duración: **4 anos** (con algunhas excepcións : Farmacia, Veterinaria, Odontoloxía, Arquitectura e Medicina)

#### Obtense o *título de Graduado*

“Graduado en..... pola Universidade de .... por ex: Graduado en Dereito pola Universidade da Coruña”

Tamén poderás cursar un **Dobre Grao**, dúas titulacións simultaneamente, duración: 5 ou 6 ANOS. Por ex: Física e Matemáticas, Bioloxía e Química, CC. Empresariais e Turismo, Dereito e ADE, Inglés e Español,..

#### 2º/ **POSGRAO**:

- **MASTER** > Para o estudantes que desexen continuar estudos para adquirir unha preparación profesional avanzada, as universidades imparten as **ensinanzas de Master**, cunha duración de entre 60 e 120 créditos, é dicir, entre 1 ou 2 anos.

“ Master Universitario en ..... pola Universidade de ....

- **DOCTORAMENTO** > trala superación dun grao e un master, acadarás unha formación avanzada en técnicas de investigación. Obtense o *título de Doutor*

#### RAMAS DE COÑECEMENTO

TODOS OS ESTUDOS AGRÚPANSE EN 5 RAMAS DE COÑECEMENTO, son os grandes campos do saber, que engloban un conxunto de materias que son a esencia de cada rama:

##### ARTES E HUMANIDADES

Filosofía, Xeografía, Historia, Arte, Expresión artística, Lingua, Idioma Moderno, Lingüística, Literatura, Ética, Socioloxía, Antropoloxía.

##### CIENCIAS

Bioloxía, Xeoloxía, Química, Física, Matemáticas

##### CIENCIAS DA SAÚDE

Anatomía animal, Anatomía humana, Bioloxía, Bioquímica, Estadística, Física, Fisioloxía, Psicoloxía.

##### CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Antropoloxía, Dereito, Ciencia Política, Comunicación, Economía, Educación, Empresa, Estadística, Xeografía, Historia, Psicoloxía e Socioloxía

##### ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

Expresión gráfica, Física, Informática, Matemáticas, Química, Empresa





## Organización do Plan de Estudos nas Ensinanzas Universitarias.-

- Os plans de estudos terán aproximadamente entre **240 créditos** de formación teórico-práctica, que corresponden a 4 cursos. Algúns Graos poden ter máis créditos: Medicina (360-6cursos), Arquitectura (330), Farmacia (300), Odontoloxía (300), Veterinaria (300-5cursos)
- Créditos ECTS**, o crédito europeo, que **equivale** a unha dedicación do estudante entre **25-30 horas**. Esta unidade de medida permite valorar e incluír as horas correspondentes ás clases teóricas ou prácticas, as horas de estudo, as adicadas a seminarios, traballos, proxectos, e tamén as esixidas para a preparación e realización de exames e probas de avaliación.

**1 crédito ECTS (EUROPEAN CREDIT TRANSFER SYSTEM): 25-30 h de traballo**

- Ó longo dos **plans de estudo** haberá **materias de estudo (anuais ou cuatrimestrais)**:

**BÁSICAS**, compartidas por todas as titulacións pertencentes a unha mesma rama de coñecemento

**OBRIGATORIAS**, que deberás facer según a titulación e a universidade onde estudes. Definen a formación fundamental do Grao (teñen o 50/60% de peso no currículo da titulación)

**OPTATIVAS**, que teñen relación coa titulación que estás cursando e que elixes libremente segundo as túas preferencias.

E o **Proxecto final de carreira**, que é un traballo que se realiza ó final da titulación e que se converte nun requisito imprescindible para conseguir o título de Grao. Está orientado á avaliación das competencias do título.

### VINCULACIÓN DOS TÍTULOS DE GRAO COAS RAMAS DE COÑECEMENTO




Nos cadros seguintes poderás ollar o **vínculo entre as ensinanzas universitarias e as diferentes ramas de coñecemento**. É unha recopilación representativa de toda España, que debes revisar na web da Universidade á que queres acceder, porque dependendo da Universidade, un mesmo título pode estar adscrito a unha rama ou outro.

En letra cursiva e negrilla aparecen os títulos universitarios que se imparten no Sistema Unv. de Galicia (SUG)

Na páxina da CIUG poderás consultar as titulacións do SUG, incluídas as dobres titulacións, notas de corte, ponderacións, e por suposto os exames de acceso á universidade.

<https://ciug.gal/gal>



## ARTES E HUMANIDADES

Belas Artes  
 Filosofía  
 Historia  
 Historia da Arte  
 Xeografía e Historia  
 Humanidades  
 Tradución e Interpretación  
 Filoloxía Clásica; Vasca, Hispánica, Románica  
 Estudos de Galego e Español.  
 Lingua e literatura Española, Galega, Inglesa,  
 Modernas; Catalanas, Hispánicas.  
 Linguas estranxeiras  
 Lingua e Literaturas Modernas  
 Galego e Portugués: estudos lingüísticos e  
 literarios  
 Xestión dixital de Información e Documentación  
 Ciencias da linguaxe e Estudos Literarios  
 Ciencias da Cultura e difusión cultural  
 Antropoloxía Social e Cultural (UNED)

Español, Lingua e Literatura  
 Estudos cataláns e occitanos  
 Estudos hispánicos, lingua e literatura  
 Estudos clásicos  
 Estudos de Asia Oriental  
 Estudos de Asia e África-Árabe,  
 Chino e Xaponés.  
 Estudos árabes e islámicos  
 Estudos árabes e hebreos  
 Estudos literarios  
 Estudos ingleses  
 Estudos alemáns  
 Estudos Franceses  
 Estudos italianos  
 Estudos semíticos e islámicos  
 Ciencias e linguas da antigüidade  
 Linguas modernas  
 Linguas Aplicadas  
 Lingüística  
 Cine e medios audiovisuais  
 Xeografía, Ordenación do territorio e Xestión do  
 Medio Ambiente  
 Arqueoloxía  
 Historia do Patrimonio artístico  
 Historia de Ciencias da Música  
 Deseño  
 Deseño e Moda  
 Cine e Medios Audiovisuais

## CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

*Empresa e Tecnoloxía ( \* NOVO)*  
*Economía*  
*Admnistración e Dirección de Empresas*  
*Ciencias Empresariais*  
*Ciencia Política e da Administración*  
*Dirección e Xestión Pública*  
*Dereito*  
*Criminoloxía*  
*Socioloxía*  
*Traballo social*  
*Relacións Laborais e Recursos Humanos.*  
*Pedagoxía*  
*Educación Social*  
*Educación Infantil*  
*Educación Primaria*  
*Turismo*  
*Ciencias da Actv Física e do Deporte\**  
*(proba específica de acceso)*  
*Xornalismo*  
*Comunicación Audiovisual.*  
*Creación Dixital, Animación e Videoxogos*  
*Publicidade e Relacións Públicas*  
*Xeografía e ordenación do Territorio*  
*Xestión Industrial da Moda (bilingüe)*  
  
**GRAO ABERTO en CC. Sociais e Xurídicas**  
**(NOVIDADE) Turismo, ADE, Empresariales,**  
**Dereito, Socioloxía e Comunicación Audiovisual)**

Relacións Laborais e Emprego  
 Relacións Internacionais  
 Ciencias Políticas e Xestión Pública  
 Ciencias do Traballo  
 Turismo e Xestión do ocio  
 Administración de organizacións e recursos turísticos  
 Estatística  
 Dirección de Empresas tecnolóxicas  
 Medios audiovisuais  
 Comercialización e loxística  
 Xestión turística e Hostaleira

## ARTES PLÁSTICAS E ESCÉNICAS

Música  
 Arte Dramático  
 Conservación e Restauración

Deseño Gráfico  
 Deseño de Moda  
 Deseño de Produto  
 Deseño de Interiores

## ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

Arquitectura Técnica  
 Estudos de Arquitectura  
 Ciencia e Enxeñaría de Datos  
 Enx. Aeroespacial  
 Enx. Agraria  
 Enx. Agrícola e Agroalimentaria  
 Enx. Biomédica  
 Enx. Civil  
 Enx. da Enerxía  
 Enx. de Obras Públicas  
 Enx. de procesos químicos industriais  
 Enx. de tecnoloxías da comunicación  
 Enx. recursos mineiros e enerxéticos  
 Enx. Eléctrica  
 Enx. Electrónica Industrial e Automática  
 Enx. Deseño Industrial e Automática  
 Enx. Deseño Industrial e Desenvolv. do produto  
 Enx. en Organización Industrial  
 Enx. en Organización Industrial  
 Enx. en Tecnoloxías Industriais  
 Enx. Forestal  
 Enx. Forestal e do Medio Natural  
 Enx. Informática  
 Enx. Mecánica  
 Enx. Naval e Oceánica  
 Náutica e Transporte Marítimo  
 Enx. Química  
 Paisaxe  
 Robótica  
 Tecnoloxía da Enx. Civil  
 Tecnoloxías Mariñas

(\*NOVIDADE) GRAOS ABERTOS EN  
 ENXEÑARÍA : Enx. Agrícola e Agroalimentaria,  
 Enx. Civil, Enx. Forestal, Enx. Procesos  
 Químicos, Robótica

Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque  
 Enxeñaría de Materiais  
 Enxeñaría de Sistemas de Información  
 Enxeñaría de Sistemas Audiovisuais  
 Enxeñaría de Son e Imaxe  
 Tecnoloxía da Enxeñaría Civil  
 Enxeñaría de Computadores  
 Deseño Industrial  
 Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais  
 Enxeñaría Telemática  
 Enxeñaría Mecatrónica  
 Enxeñaría en Arquitectura Naval  
 Informática de Servizos Matemáticas  
 Enxeñaría Matemática  
 Fotografía e Creación Dixital  
 Xeografía, Ordenación do Territorio e xestión.  
 Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación

## CIENCIAS

Bioloxía  
 Biotecnoloxía  
 Bioquímica (\*NOVO)  
 Ciencias do Mar  
 Ciencias Ambientais  
 Física  
 Matemáticas  
 Química  
 Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos  
 Nanociencia e Nanotecnoloxía (\*NOVO)

Bioquímica e Biomedicina  
 Xeoloxía  
 Bioquímica e Bioloxía molecular  
 Enoloxía  
 Microbioloxía  
 Ciencias da Alimentación  
 Bioloxía Ambiental  
 Ciencias Biomédicas

## CIENCIAS DA SAÚDE


Enfermería  
 Fisioterapia.  
 Logopedia  
 Nutrición Humana e Dietética  
 Óptica e Optometría  
 Podoloxía  
 Terapia Ocupacional  
 Farmacia  
 Medicina  
 Odontoloxía  
 Veterinaria  
 Psicoloxía

Bioloxía Sanitaria

## DOBRE GRAOS - Oferta en Galicia

ADE-Dereito  
 ADE-Informática  
 CC. Empresariais - Turismo  
 Empresariais - Arquitectura  
 Inglés-Español  
 Inglés-Galego-Portugués  
 Español-Galego-Portugués  
 Turismo-Xeografía e Historia  
 Mestre Ed. Infantil- Ed. Primaria  
 Comunicación Audiovisual-Xornalismo  
 Dereito- Relacións Laborais e RRHH  
 Enx. Agrícola-Agroali-Enx. Forestal  
 Farmacia- Óptica e optometría  
 Enx. Informática-Matemáticas  
 Matemáticas-Física  
 Química-Bioloxía  
 Enx. Mecánica-Naval e Oceánica

## SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO (SUG)



### SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO (S.U.G)

3 UNIVERSIDADES PÚBLICAS

7 CAMPUS:  
LUGO /SANTIAGO  
CORUÑA/FERROL  
VIGO/PONTEVEDRA/  
OURENSE

notas de corte 19/20

Ponderacións materias  
ABAU 2020-21

O **DISTRITO ABERTO** ofrece a tódolos estudantes, de calquera parte do territorio nacional, a posibilidade de cursar estudos universitarios na Universidade pública que desexen, independentemente do lugar de orixe.

Deste modo, os estudantes que reunan as esixencias legais (ter superada a PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE ou un Ciclo FORMATIVO de grao superior), poderán solicitar praza en calquera Universidade do territorio Español.

## COMO ACCEDER Á UNIVERSIDADE

<http://ciug.gal/>



### ACCESO aos estudos universitarios de grao desde o bacharelato PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE - ABAU.

